

Acta de Constitución da Marea Sectorial de Deporte

En Santiago de Compostela, no local de En Marea (rúa Santiago de Guayaquil 7), ás 18.00 horas do día 29 de xuño de 2018, ten lugar a xuntanza para a constitución da Marea Sectorial de Deporte, segundo os documentos que determinan a estrutura sectorial de En Marea.

Asistentes:

Chelo Martínez, Carlos Feijoo, Quique Pampín, Dani Amor e Luís Villares.

Extracto da xuntanza:

1. Presentación. Rolda.
2. A situación ata o de agora.
3. Temas preferentes e intereses. Obxectivos da marea sectorial. De que nos queremos ocupar.
4. Dinámica de funcionamento.

Acordos:

1. Organizar unha xornada de traballo para o mes de setembro con esas catro temáticas, coa exposición do tema por cada unha de nós. Aproveitar para unha nova xuntanza da Marea sectorial no mesmo día.

Carlos:

- Mellora da democratización das federacións. As relacións que teñen as persoas xestoras de clubs coa DX para o deporte e con cada súa federación.

Dani:

- Relación da Xunta coas persoas deportistas de élite nos deportes minoritarios.

Quique:

- Seguros. Por baixo dos 16 anos.

Ana Seijas (*escusa a súa ausencia na xuntanza e manifesta o seu interese en participar co traslado do seguinte punto*):

- Deporte mixto. A problemática de determinadas disciplinas, dende as instalacións ata a súa federación.

2. Creación dun grupo de correos e publicación da acta.

3. Consulta coa marea sectorial dos temas de deportes que xordan a nivel parlamentario.

Sen máis asuntos que tratar, remata a xuntanza coa constitución da Marea Sectorial de Deporte.